xes silvae

Cooperación Transfronteriza España – Portugal Cooperação Transfronteiriça

FEDER

Invertimos en su futuro

# Estudos técnicos para a posta en marcha de agrupacións de propietarios forestais para a xestión conxunta

**Fernando Veiga Aguiar**

**Xefe do Servizo de Montes Veciñais en Man Común e Estruturas Forestais.**

**Xunta de Galicia.**

# OBXECTIVOS DOS ESTUDOS

- Analizar en varias zonas concretas de Galicia a estrutura da propiedade dos terreos forestais e a posibilidade de creación de agrupacións de propietarios forestais.
- Comparar agrupacións de propietarios con diversos aproveitamentos forestais.
- Establecer a metodoloxía para a realización de estudos para establecer agrupacións forestais noutras zonas de Galicia e o Norte de Portugal.
- Servir de base para o establecemento formal destas sete agrupacións de propietarios.
- Difundir, mediante a páxina web do proxecto Xes Silvae, a metodoloxía a aplicar para a posta en marcha de agrupacións noutras zonas de Galicia e o Norte de Portugal.

# CONTIDO DOS ESTUDOS (I)

- 1.- Estudo da estrutura e investigación da propiedade.

A actividade 2.1.2 do proxecto Xes Silvae contempla a identificación de zonas de actuación e a realización de labores de investigación da propiedade. Estas consistiron na identificación catastral dos datos e cartografía das parcelas, e a súa comprobación sobre o terreo.

- 2.- Elaboración de cartografía.

Elaborouse cartografía en formato SIX das sete zonas, que consistíu na identificación da propiedade á cal se lle engadiu a cartografía de interese forestal.

# CONTIDO DOS ESTUDOS (e II)

- 3.- Sistema de valoración forestal.

Co obxecto de coñecer a aportación de cada propietario individual, realizouse unha valoración, previo inventario, dos dereitos de aproveitamento forestal de todas as parcelas. Esta valoración tivo en conta os parámetros de superficie, cualificación do terreo e da súa capacidade produtiva.

- 4.- Elaboración dos estatutos da sociedade forestal.

No marco da actividade 2.1.1 do Proxecto Xes Silvae, deseño de estándares e instrumentos normativos que regulen o funcionamento destas agrupacións forestais, redactouse un modelo de estatutos que regulan as relacións entre os propietarios das agrupacións.

- 5.- Proposta de actuacións forestais.

Elaborouse un plan de actuacións forestais, como base de partida para os preceptivos instrumentos de xestión forestal de cada agrupación.

# DISTRIBUCIÓN DOS ESTUDOS






# PADRÓN (Carcacía)




# ORTOFOTO

# (PADRÓN, Carcacía)

# RESULTADOS

| PROVINCIA | CONCELLO | ESPECIES PRINCIPAIS | SUP (ha) | NÚMERO DE PROPIETARIOS | NÚMERO DE PARCELAS |
|---|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | Padrón (Íria) | Eucalyptus nitens//Pinus pinaster | 103,64 | 283 | 494 |
| A CORUÑA | Padrón (Carcacía) | Eucalyptus globulus/Ppr/Qr | 152,69 | 284 | 1.183 |
| A CORUÑA | Ribeira (Oleiros e Palmeira) | Eucalyptus globulus/Ppr/Frondosas | 143,52 | 152 | 281 |
| PONTEVEDRA | Lalín (Goiás) | Pinus radiata | 54,92 | 30 | 137 |
| OURENSE | A Gudiña (Conso-Frieira) | Castanea sativa | 21,52 | 37 | 43 |
| OURENSE | A Mezquita (Cádavos e Manzalvos) | Castanea sativa | 23,02 | 6 | 9 |
| OURENSE | A Mezquita (Santigoso) | Castanea sativa | 18,39 | 72 | 129 |

# RESULTADOS

| | | | |
|---|---|---|---|
| Media dos sete estudos | 73,96 ha | 123 propietarios | 325 parcelas |

| | |
|---|---|
| Superficie media de cada parcela | 0,23 ha |
| Superficie media de cada propietario | 0,60 ha |
| Número medio de parcelas por propietario | 2,6 |

# CONCLUSIÓNS

- Os esforzos deben concentrarse na investigación da propiedade. Cómpren equipos multidisciplinarios nestes traballos, que precisan moito traballo de campo.
- Estas agrupacións satisfacen moitos problemas estruturais do medio rural galego (contribúen á economía verde, á diminución de risco de incendios forestais, á agrupación na oferta de produtos forestais)
- Non se aprecian grandes diferencias segundo os tipos de aproveitamentos forestais a que se adiquen as agrupacións, e tampouco segundo o estado forestal actual. Poden realizarse este tipo de agrupacións nun amplo abano de casos.

# DIFICULTADES ATOPADAS

- As principais dificultades non foron de índole técnico, senón de tipo sociolóxico así como o relacionado coa investigación da propiedade. A estes aspectos é preciso focalizar os recursos.

http://xessilvae.medioruralxunta.es

fernando.veiga.aguiar@xunta.es

xes silvae
XESTIÓN FORESTAL TRANSFRONTEIRIZA
COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA ESPAÑA – PORTUGAL COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIÇA
Unión Europea
FEDER
Invertimos en su futuro

# MOITAS GRAZAS

